



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 26 DE FEBREIRO DE 2026.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 29.01.2026 E SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE DÍA 05.02.2026.....	2
2. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME.....	4
3. ADENDA AO CONVENIO PARA A AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CONCELLO DE MIÑO E CONCELLO DE CABANAS.....	6
4. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: NECESIDADE DE APERTURA DA CASA DA XUVENTUDE DE PONTEDEUME AS FINS DE SEMANA.....	16
5. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE SOBRE FINANCIAMENTO LOCAL.....	16
6. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2025).....	20
7. ASUNTOS DE URXENCIA.....	20
8. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	20
MOCIÓN DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.....	20
9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	32
10. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	38
10.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	38
10.2. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	40
10.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	40
10.4. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	40
REMATE DA SESIÓN.....	41
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	41





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 26 DE FEBREIRO DE 2026.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D^a María del Rocío Pena Pena (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e sete minutos do día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e seis, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria accidental e a Interventora municipal.

A Secretaria accidental:

D^a María Roca Vázquez

A Interventora municipal

D. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 29.01.2026 E SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE DÍA 05.02.2026.

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente TEdC: 2026/G006/000046

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 29.01.2026

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 05.02.2026

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

Sesión ordinaria de 29.01.2026 (borrador asinado o día 18.02.2026)

Sesión extraordinaria urxente de 05.02.2026 (borrador asinado o día 23.02.2026)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación por separado os borradores das actas presentados.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión ordinaria de día 29.01.2026 (borrador asinado o día 18.02.2026) quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP); o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

Sesión ordinaria de 29.01.2026 (borrador asinado o día 18.02.2026)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión extraordinaria urxente de día 05.02.2026 (borrador asinado o día 23.02.2026) quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DOCE VOTOS A FAVOR (12)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

do BNG (2) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do sr Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, por non estar presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación; o **ACORDO seguinte:**

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

Sesión extraordinaria urxente de 05.02.2026 (borrador asinado o día 23.02.2026)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 23.02.2026, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 23 DE FEBREIRO DE 2026

EXPDTE: 2026/G012/000003

2. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Expediente núm.: 2024/P002/000013

Incoado expediente para a elección de xuíz/a de paz titular do Concello de Ponte deume por medio de acordo do Pleno da corporación en sesión celebrada o día 23.12.2025.

Logo de ver que, segundo se establece preceptivamente, publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 9 de día 15.01.2026, no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipal, para xeral coñecemento e proceder á





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas.

O día 05.02.2026 finalizou o prazo de presentación de solicitudes; presentándose en tempo e forma a seguinte:

- María Luz Brage Cernadas

Considerando a Lexislación aplicable seguinte:

— Os artigos 4 a 6, 20, 21 e artigo 28 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

— Os artigos 99 a 103 e artigo 395 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

— Os artigos 22.2 p) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tendo en conta o indicado no informe xurídico conxunto da técnica de administración xeral e da secretaria municipal, en canto ao procedemento aplicable e a lexislación a seguir emitido no seo do presente procedemento o día 15.12.2025

Visto canto antecede, sométese a ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Nomear a D^a María Luz Brage Cernadas con NIF 76410179Q, domiciliada en Rúa Club Náutico Firrete nº 3, 4º D, como Xuíza de Paz titular de Ponte deume.

SEGUNDO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial de Betanzos, ou no caso de haber varios dándose traslado ao Decano, que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á interesada.

No entanto, o Pleno acordará o que estime pertinente".

A Presidencia abre a quenda para o debate

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (4 PSOE, 1 BNG e 1 PP)>>.

A Presidencia abre a quenda para o debate.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sen intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Nomear a D^a María Luz Brage Cernadas con NIF 76410179Q, domiciliada en Rúa Club Náutico Firrete nº 3, 4º D, como Xuíza de Paz titular de Ponte deume.

SEGUNDO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial de Betanzos, ou no caso de haber varios dándose traslado ao Decano, que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á interesada.

3. ADENDA AO CONVENIO PARA A AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CONCELLO DE MIÑO E CONCELLO DE CABANAS.

A secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 23.02.2026, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 23 DE FEBREIRO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G012/000003

3. ADENDA AO CONVENIO PARA A AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE MIÑO

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA:

ADENDA AO CONVENIO PARA A AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE MIÑO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expte TEdEC: 2025/A003/000050)

Logo de ver o acordo do Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día 23.12.2025 no que se acordou aprobar o acordo de agrupación do concello de Ponte deume, o concello de Miño e o concello de Cabanas segundo o Convenio de colaboración interadministrativa que no dito acordo se transcribe literalmente e se faculta ao Alcalde-Presidente do concello de Ponte deume para a sinatura de canta documentación se derive do dito acordo.

Logo de ver a resolución da Alcaldía número 850/2025 de data 23.12.2025 no que se resolveu, entre outros,

"PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto único para Obradoiro dual de Emprego "ÁrtabroEmprende V" dos concellos de Ponte deume, Miño e Cabanas e a documentación técnica elaborada que consta no expediente, ratificar o contido íntegro do expediente de referencia, aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos da convocatoria e en consecuencia solicitar unha axuda económica á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para levar a cabo o Obradoiro dual de Emprego "ÁrtabroEmprende V" dos concellos de Ponte deume, Miño e Cabanas ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 (código de procedemento TR353A), sendo as especialidades obxecto do mesmo "Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (EOCB0209) e Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309" por importe total de 466.573,40 €.

No seguinte cadro desglósase o orzamento total do proxecto e o seu financiamento, segundo o indicado no artigo 16 da Orde das axudas:

1. ORZAMENTO DE GASTOS	
CONCEPTO	IMPORTE
Contratación de persoal directivo e de apoio	130.351,82€
Contratación alumnos/as-traballadores/as	279.685,40€
Gastos de funcionamento e xestións	56.536,18€
2. IMPORTE DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN	27.000,00€
TOTAL PROXECTO	493.573,40€

ORZAMENTO DE INGRESOS	
FINANCIAMENTO	IMPORTE
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	445.573,40
Concello de Ponte deume	7.350,00 €
Concello de Miño	8.400,00 €
Concello de Cabanas	5.250,00 €

Logo de ver o requirimento de documentación do xefe do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego remitido polo concello de Miño (representante da agrupación) no que se require, entre outros:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“3. O convenio de colaboración deberá reunir o contido recollido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e incluír a mención expresa á realización conxunta do proxecto con indicación das achegas económicas e doutra índole dos concellos agrupados, así como o nomeamento da persoa representante ou apoderada única da agrupación, a repartición do alumnado-traballador entre as distintas entidades e as actuacións que se realizarán en cada concello. Cada un dos concellos asociados deberá contar, polo menos, cunha persoa alumna-traballadora (art 15.1.b).

- Falta especificar as aportacións económicas de cada un dos concellos (páx 4, segundo parágrafo) tal e como indican nos anexos VI.

- Non figura o reparto do alumnado-traballador por cada concello.

- Non se enumeran a actuacións a realizar por cada concello.”

Logo de ver a addenda ao convenio de colaboración interadministrativa entre os concellos de Miño, Ponte deume e Cabanas para a execución dun Obradoiro de emprego e solicitude conxunta dunha axuda para o seu financiamento ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego e Emigración.

Tendo en conta o establecido na normativa de aplicación, isto é a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando o establecido no artigo 21, 22.2.b) e 47.2 g) e 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.

Esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do concello, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a addenda ao acordo de agrupación do concello de Ponte deume, o concello de Miño e o concello de Cabanas segundo o literal que a continuación se transcribe, manténdose invariable o contido do resto de cláusulas do Convenio de colaboración interadministrativa aprobado por acordo do Pleno en sesión ordinaria de data 23.12.2025:

“ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE OS CONCELLOS DE MIÑO, PONTEDEUME E CABANAS PARA A EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E EMIGRACIÓN

Dunha parte don Manuel Vázquez Faraldo, como alcalde, en nome e representación do Concello de Miño, con CIF P1504900J, e enderezo a efectos de notificacións na rúa da Carreira núm. 38 (15630) de Miño.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Doutra parte don Bernardo Fernández Piñeiro, como alcalde, en nome e representación do Concello de Ponte deume, con CIF P1507000F, e enderezo a efectos de notificación na rúa Real núm. 13 (15600) de Ponte deume.

Doutra parte don Fernando Couce Rodríguez, como alcalde, en nome e representación do Concello de Cabanas, con CIF P1501500A, e enderezo a efectos de notificación na rúa do Concello, núm. 22 (15621) de Cabanas.

Dona María del Carmen Dopico Sanjuán, como secretaria accidental da entidade promotora, ao abeiro do establecido no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Por todo o exposto, as partes intervincentes, na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confire, recoñécese reciprocamente capacidade e lexitimación para asinar a presente Adenda ao Convenio citado no expositivo 1 anterior, formalizándoa sobre a base das seguintes:

Todos eles en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA), recoñecéndose reciprocamente capacidade e lexitimación para a sinatura da presente ADENDA, e a tal efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- *Que as partes asinaron un convenio de colaboración interadministrativa entre os concellos de Miño, Ponte deume e Cabanas para a execución dun Obradoiro de Emprego e solicitude conxunta dunha axuda para seu financiamento ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego e Emigración.*

Segundo.- *Que o 30 de xaneiro de 2026 a Consellería de Emprego e Emigración remitiu o Concello de Miño un requirimento no que sinalaba que:*

“O convenio de colaboración deberá reunir o contido recollido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e incluír a mención expresa á realización conxunta do proxecto con indicación das achegas económicas e doutra índole dos concellos agrupados, así como o nomeamento da persoa representante ou apoderada única da agrupación, a repartición do alumnado-traballador entre as distintas entidades e as actuacións que se realizarán en cada concello. Cada un dos concellos asociados deberá contar, polo menos, cunha persoa alumna-traballadora (art 15.1.b).

- Falta especificar as aportacións económicas de cada un dos concellos (páx 4, segundo parágrafo) tal e como indican nos anexos VI.

- Non figura o reparto do alumnado-traballador por cada concello.

- Non se enumeran a actuacións a realizar por cada concello.”





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En virtude do exposto procede modificar as cláusulas primeira e terceira no punto 3 do convenio de colaboración asinado nos seguintes termos:

"Primeira.- Ámbitos obxectivo e subxectivo do convenio.

O obxecto do presente convenio é constituír formalmente unha agrupación de entidades sen personalidade xurídica para a regulación das condicións nas que se executará e financiará entre os concellos de Miño, Ponte deume e Cabanas o proxecto de obradoiro de emprego denominado Obradoiro dual de emprego "ÁrtabroEmprende V", elaborado ao abeiro da devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ano 2025 coa aprobación mediante acordo dos anteditos concellos, e das que se acompañarán no expediente as correspondentes certificacións de aprobación dos mesmos, para o caso de ser concedida á axuda solicitada ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Tal e coma se sinala na parte expositiva do presente convenio, as especialidades formativas que comprende o obradoiro de emprego son as que se nomean deseguido:

- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (EOCB0209)
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)

As actuacións a realizar por especialidades e concellos son as seguintes:

Especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (Nivel 1):

Concello de Cabanas. Paseo e contorna da Praia da Magdalena. Mellora de montes

Concello de Cabanas. Zona do Pantalán do Día Oito, Praia de Fabal e río Eume

Concello de Cabanas. Parque Municipal do Areal

Concello de Cabanas. Escola Laica

Concello de Miño. A Fraga do Xarío cara o Camiño Inglés

Concello de Miño. Espazo forestal en Gallamonde

Concello de Miño. Senda do Baxoi

Concello de Miño. Camiño forestal en Ponte do Porco

Concello de Miño. Camiño forestal en Santa Uxía

Concello de Miño. Camiño forestal en Ansimonde

Concello de Miño. Camiño forestal na Barrosa

Concello de Miño. Camiño forestal en Bra

Concello de Ponte deume. Camiño A Vilar en Os Chapizos

Concello de Ponte deume. Lavadoiro Chao Ombre

Concello de Ponte deume. Ruta peonil a Breamo

Concello de Ponte deume. Ruta peonil a Castelo de Andrade

Concello de Ponte deume. Área recreativa Ermida de Breamo

Concello de Ponte deume. Área recreativa Castelo de Andrade

Concello de Ponte deume. Avenida Castelao

Concello de Ponte deume. Parcela depósitos avenida Castelao





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Especialidade de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (Nivel 1):

Concello de Cabanas. Paseo e contorna da Praia da Magdalena. Acabados ríxidos

Concello de Cabanas. Beirarrúas do polígono de Vilar do Colo

Concello de Miño. Senda peonil en Viadeiro (Castro)

Concello de Ponte deume. Rúa Santiago

Concello de Ponte deume. Rúa Real

Concello de Ponte deume. Praza do Convento

Concello de Ponte deume. Rúa San Agustín

Concello de Ponte deume. Parque Sarmiento

Concello de Ponte deume. Avenida Lombardero

Concello de Ponte deume. Rúa de Ares

Concello de Ponte deume. Avenida da Coruña

Concello de Ponte deume. LC-144 paso por Nogueirosa

O número de alumnos – traballadores por concello e a seguinte:

- Concello de Miño: 8 alumnos/as
- Concello de Ponte deume: 7 alumnos/as
- Concello de Cabanas: 5 alumnos/as

Terceira.- Obrigas das partes.

2) Todas as partes aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos e obrigas establecidos na devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego e Emigración (DOG núm. 228 do 25.11.2025).

Os concellos comprométense a realización conxunta do proxecto e a garantir o financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do proxecto asociado, coa achega por parte de cada un deles das seguintes cantidades:

- O Concello de Miño	8.400,00.-€
- O Concello de Ponte deume	7.350,00.-€
- O Concello de Cabanas	5.250,00.-€
-	

Cada concello comprométese a dotar os créditos orzamentarios necesarios para asumir a totalidade dos gastos non comúns do proxecto, entendendo por tales os correspondentes a investimentos realizados ou bens ou servizos implantados ou prestados unicamente no seu termo municipal.

De existiren durante a execución do obradoiro de emprego outros gastos comúns, estes ratearanse entre todos os concellos de maneira proporcional ao alumnado-traballadores que achegue cada un deles ao proxecto formativo.

En todo caso, as entidades membros comprométese a manter un sistema de rexistros contables separados ou códigos contables adecuados para todas as transaccións que correspondan á execución do proxecto de que se trate.

En proba de conformidade asínase o presente convenio en dixital por todos os representantes.”





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao concello de Miño e ao concello de Cabanas para os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no portal de transparencia da sede electrónica para os efectos de publicidade activa.

CUARTO.- Facular ao Sr. Alcalde de Ponte deume para a formalización de cantos actos administrativos traigan causa do presente acordo.

No entanto, a Pleno adoptará o acordo que estime oportuno".

A Presidencia abre a quenda para o debate

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (4 PSOE, 1 BNG e 1 PP)>>.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a addenda ao acordo de agrupación do concello de Ponte deume, o concello de Miño e o concello de Cabanas segundo o literal que a continuación se transcribe, manténdose invariable o contido do resto de cláusulas do Convenio de colaboración interadministrativa aprobado por acordo do Pleno en sesión ordinaria de data 23.12.2025:

"ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE OS CONCELLOS DE MIÑO, PONTEDEUME E CABANAS PARA A EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E EMIGRACIÓN

Dunha parte don Manuel Vázquez Faraldo, como alcalde, en nome e representación do Concello de Miño, con CIF P1504900J, e enderezo a efectos de notificacións na rúa da Carreira núm. 38 (15630) de Miño.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Doutra parte don Bernardo Fernández Piñeiro, como alcalde, en nome e representación do Concello de Ponte deume, con CIF P1507000F, e enderezo a efectos de notificación na rúa Real núm. 13 (15600) de Ponte deume.

Doutra parte don Fernando Couce Rodríguez, como alcalde, en nome e representación do Concello de Cabanas, con CIF P1501500A, e enderezo a efectos de notificación na rúa do Concello, núm. 22 (15621) de Cabanas.

Dona María del Carmen Dopico Sanjuán, como secretaria accidental da entidade promotora, ao abeiro do establecido no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Por todo o exposto, as partes intervincentes, na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confire, recoñécese reciprocamente capacidade e lexitimación para asinar a presente Adenda ao Convenio citado no expositivo 1 anterior, formalizándoa sobre a base das seguintes:

Todos eles en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA), recoñecéndose reciprocamente capacidade e lexitimación para a sinatura da presente ADENDA, e a tal efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- *Que as partes asinaron un convenio de colaboración interadministrativa entre os concellos de Miño, Ponte deume e Cabanas para a execución dun Obradoiro de Emprego e solicitude conxunta dunha axuda para seu financiamento ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego e Emigración.*

Segundo.- *Que o 30 de xaneiro de 2026 a Consellería de Emprego e Emigración remitiu o Concello de Miño un requirimento no que sinalaba que:*

“O convenio de colaboración deberá reunir o contido recollido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e incluír a mención expresa á realización conxunta do proxecto con indicación das achegas económicas e doutra índole dos concellos agrupados, así como o nomeamento da persoa representante ou apoderada única da agrupación, a repartición do alumnado-traballador entre as distintas entidades e as actuacións que se realizarán en cada concello. Cada un dos concellos asociados deberá contar, polo menos, cunha persoa alumna-traballadora (art 15.1.b).

- Falta especificar as aportacións económicas de cada un dos concellos (páx 4, segundo parágrafo) tal e como indican nos anexos VI.

- Non figura o reparto do alumnado-traballador por cada concello.

- Non se enumeran a actuacións a realizar por cada concello.”.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En virtude do exposto procede modificar as cláusulas primeira e terceira no punto 3 do convenio de colaboración asinado nos seguintes termos:

"Primeira.- Ámbitos obxectivo e subxectivo do convenio.

O obxecto do presente convenio é constituír formalmente unha agrupación de entidades sen personalidade xurídica para a regulación das condicións nas que se executará e financiará entre os concellos de Miño, Ponte deume e Cabanas o proxecto de obradoiro de emprego denominado Obradoiro dual de emprego "ÁrtabroEmprende V", elaborado ao abeiro da devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ano 2025 coa aprobación mediante acordo dos anteditos concellos, e das que se acompañarán no expediente as correspondentes certificacións de aprobación dos mesmos, para o caso de ser concedida á axuda solicitada ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Tal e coma se sinala na parte expositiva do presente convenio, as especialidades formativas que comprende o obradoiro de emprego son as que se nomean deseguido:

- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (EOCB0209)
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)

As actuacións a realizar por especialidades e concellos son as seguintes:

Especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (Nivel 1):

Concello de Cabanas. Paseo e contorna da Praia da Magdalena. Mellora de montes

Concello de Cabanas. Zona do Pantalán do Día Oito, Praia de Fabal e río Eume

Concello de Cabanas. Parque Municipal do Areal

Concello de Cabanas. Escola Laica

Concello de Miño. A Fraga do Xarío cara o Camiño Inglés

Concello de Miño. Espazo forestal en Gallamonde

Concello de Miño. Senda do Baxoi

Concello de Miño. Camiño forestal en Ponte do Porco

Concello de Miño. Camiño forestal en Santa Uxía

Concello de Miño. Camiño forestal en Ansimonde

Concello de Miño. Camiño forestal na Barrosa

Concello de Miño. Camiño forestal en Bra

Concello de Ponte deume. Camiño A Vilar en Os Chapizos

Concello de Ponte deume. Lavadoiro Chao Ombre

Concello de Ponte deume. Ruta peonil a Breamo

Concello de Ponte deume. Ruta peonil a Castelo de Andrade

Concello de Ponte deume. Área recreativa Ermida de Breamo

Concello de Ponte deume. Área recreativa Castelo de Andrade

Concello de Ponte deume. Avenida Castelao

Concello de Ponte deume. Parcela depósitos avenida Castelao





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Especialidade de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (Nivel 1):

Concello de Cabanas. Paseo e contorna da Praia da Magdalena. Acabados ríxidos

Concello de Cabanas. Beirarrúas do polígono de Vilar do Colo

Concello de Miño. Senda peonil en Viadeiro (Castro)

Concello de Ponte deume. Rúa Santiago

Concello de Ponte deume. Rúa Real

Concello de Ponte deume. Praza do Convento

Concello de Ponte deume. Rúa San Agustín

Concello de Ponte deume. Parque Sarmiento

Concello de Ponte deume. Avenida Lombardero

Concello de Ponte deume. Rúa de Ares

Concello de Ponte deume. Avenida da Coruña

Concello de Ponte deume. LC-144 paso por Nogueirosa

O número de alumnos – traballadores por concello e a seguinte:

- Concello de Miño: 8 alumnos/as
- Concello de Ponte deume: 7 alumnos/as
- Concello de Cabanas: 5 alumnos/as

Terceira.- Obrigas das partes.

2) Todas as partes aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos e obrigas establecidos na devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego e Emigración (DOG núm. 228 do 25.11.2025).

Os concellos comprométense a realización conxunta do proxecto e a garantir o financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do proxecto asociado, coa achega por parte de cada un deles das seguintes cantidades:

- O Concello de Miño	8.400,00.-€
- O Concello de Ponte deume	7.350,00.-€
- O Concello de Cabanas	5.250,00.-€
-	

Cada concello comprométese a dotar os créditos orzamentarios necesarios para asumir a totalidade dos gastos non comúns do proxecto, entendendo por tales os correspondentes a investimentos realizados ou bens ou servizos implantados ou prestados unicamente no seu termo municipal.

De existiren durante a execución do obradoiro de emprego outros gastos comúns, estes ratearanse entre todos os concellos de maneira proporcional ao alumnado-traballadores que achegue cada un deles ao proxecto formativo.

En todo caso, as entidades membros comprométese a manter un sistema de rexistros contables separados ou códigos contables adecuados para todas as transaccións que correspondan á execución do proxecto de que se trate.

En proba de conformidade asínase o presente convenio en dixital por todos os representantes.”





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao concello de Miño e ao concello de Cabanas para os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no portal de transparencia da sede electrónica para os efectos de publicidade activa.

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde de Ponte deume para a formalización de cantos actos administrativos traigan causa do presente acordo.

4. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: NECESIDADE DE APERTURA DA CASA DA XUVENTUDE DE PONTEDEUME AS FINS DE SEMANA

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, para dicir que **RETIRAN** a moción presentada.

5. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE SOBRE FINANCIAMENTO LOCAL.

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura á moción presentada:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE FINANCIAMENTO LOCAL

O Grupo Municipal dos Socialistas de Ponte deume de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O pasado 20 de xaneiro de 2026, a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) pecharon un acordo para aumentar o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). En virtude dese acordo, a achega autonómica ao servizo incrementárase de forma progresiva, pasando dos 12 euros por hora actuais a 16 euros por hora no ano 2026, 17 euros por hora en 2027 e 18 euros por hora en 2028.

Este acordo supón a primeira actualización do módulo autonómico desde o ano 2020 e chega tras o ultimato da FEGAMP. Son os concellos quen están a asumir na práctica o 50% do custo deste servizo, cando por lei lles corresponde unicamente a xestión. A obriga de financialo recae nas administracións superiores, principalmente na Xunta de Galicia, que durante anos eludiu esa responsabilidade.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo esencial do sistema público de servizos sociais e un pilar fundamental para a atención ás persoas en situación de dependencia e para a promoción da autonomía persoal. Nunha comunidade como Galicia, caracterizada polo envellecemento da poboación, a dispersión territorial e a importancia do medio rural, o SAF resulta imprescindible para garantir a cohesión social e a permanencia da poboación no territorio.

Desde o ámbito municipal, e en particular desde o Partido Socialista, valórase este acordo alcanzado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP como un paso de mínimos, claramente insuficiente xa que non resolve o problema estrutural da financiación do Servizo de Axuda no Fogar nin supón unha mellora definitiva na crítica situación financeira á que se enfrontan os concellos para garantir un servizo digno.

Segundo os datos dispoñibles, o custo medio actual dunha hora do SAF en Galicia sitúase arredor dos 22–23 euros, alcanzando en moitos casos cifras de entre 25 e 30 euros por hora, especialmente no medio rural e en concellos con elevada dispersión poboacional. Incluso coa subida progresiva prevista ata os 18 euros por hora en 2028, a financiación pública continuará moi por debaixo do custo efectivo do servizo.

Esta diferenza continúa obrigando aos concellos a asumir con recursos propios unha parte relevante do custo do servizo, ás veces ata co 30% dos seus orzamentos a pesar de que non lles corresponde financeiro, o que pon en risco a sustentabilidade do sistema e limita a capacidade dos concellos para atender novas demandas.

Por iso, este acordo debe entenderse como un pacto de mínimos e como un primeiro punto de partida, pero en ningún caso como unha solución satisfactoria nin definitiva. Ningún alcalde ou alcaldesa socialista entende este acordo como satisfactorio, nin poderá consideralo mentres o marco de financiación do servizo siga sendo claramente insuficiente e non garanta nin a sustentabilidade do sistema nin a correcta atención ás persoas dependentes.

A responsabilidade de garantir o 100 % da financiación do Servizo de Axuda no Fogar corresponde á Xunta de Galicia, que debe seguir avanzando na mellora dos módulos de financiación e reforzar a cooperación institucional, incluída a negociación co Goberno de España, para asegurar un modelo xusto, suficiente e estable. A posibilidade de abrir unha fronte xudicial sobre o asunto está enriba da mesa. Rueda reivindica unha suposta débeda, que tería a súa orixe nos gobernos presididos por Mariano Rajoy. Se o goberno galego está en disposición de reivindicar eses fondos, ten a súa lexitimidade para facelo, pero os concellos a teñen tamén para esixir ao Goberno autonómico que financie o que lle corresponde por competencias.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista de Ponte deume, propón ao Pleno a seguinte moción:

PROPOSTA DO ACORDOS

1. Valorar como un pacto de mínimos e como un primeiro punto de partida o acordo alcanzado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a mellora progresiva da financiación do Servizo de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Axuda no Fogar, que establece unha achega de 16 euros por hora en 2026, 17 euros por hora en 2027 e 18 euros por hora en 2028.

2. Manifestar que, a pesar deste incremento, o marco actual de financiación do Servizo de Axuda no Fogar resulta claramente insuficiente, ao situarse moi por debaixo do custo real do servizo, que actualmente oscila entre os 22 e os 30 euros por hora.

3. Instar á Xunta de Galicia a garantir a financiación do 100 % do custo real do Servizo de Axuda no Fogar, evitando que os concellos teñan que asumir con fondos propios ningún gasto derivado da prestación deste servizo.

4. Instar á Xunta de Galicia a continuar a negociación coa FEGAMP e a reforzar a colaboración co Goberno de España co obxectivo de establecer un modelo de financiamento xusto, suficiente e estable do sistema de atención á dependencia.

5. Valorar a presentación de demandas xudiciais contra a Xunta de Galicia no caso de que non se dean novos pasos, co obxectivo de esixir ao Goberno autonómico que asuma o financiamento que lle corresponde polas súas competencias".

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que a moción presentada parte dunha análise correcta, que é que o acordo coa FEGAMP é insuficiente, xa que no cubre o 100% do servizo; ven como un erro chegar a este acordo, que a Xunta do PP vendeu como un fito histórico; cando a realidade é que a Xunta podería unilateralmente subir o prezo en calquera momento. Consideran unha chantaxe da Xunta, xa que ou era este acordo ou non era nada, e que non debería terse aceptado. Propoñen que se faga unha votación por puntos, votando o punto primeiro por separado dos outros, para dar flexibilidade á hora da emitir o voto.

Intervén o **Sr. Presidente**, para dicir que non hai problema para votar por puntos; e di que moitos alcaldes e alcaldesas trasladaron que estaban ante unha situación límite pola falta de recursos ordinarios para dedicar ao SAF á presidencia da FEGAMP, e que esta tivo que "tragar", recoñece que non é un bo acordo; pero é mellor que o que hai na actualidade; que ao Concello vaille supoñer un incremento de miles de euros que o concello xa non terá que asumir; continúa dicindo que rexeitar o acordo implicaría seguir mantendo a agonía de moitos concellos durante o tempo que mediase ata novo acordo.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PP**, para dicir que están de acordo en que o financiamento do servizo do SAF é un gran problema ao que se enfrontan os concellos e indica que o seu voto vai ser a abstención.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que aclara o punto 4 da moción, xa que nel se indica que se valoran demandas xudiciais contra a Xunta de Galicia, cando o financiamento corre tanto da Xunta como do Estado; pero so se pon a Xunta, porque é que lles transfere os fondos aos concellos.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sen máis intervencións, sométese a votación os puntos de acordo da moción por separado.

Sométese a intervención, o punto de acordo 1 da moción, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE NOVE VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

1. Valorar como un pacto de mínimos e como un primeiro punto de partida o acordo alcanzado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a mellora progresiva da financiación do Servizo de Axuda no Fogar, que establece unha achega de 16 euros por hora en 2026, 17 euros por hora en 2027 e 18 euros por hora en 2028.

Sométese a intervención, os puntos de acordo 2, 3, 4 e 5 da moción, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

2. Manifestar que, a pesar deste incremento, o marco actual de financiación do Servizo de Axuda no Fogar resulta claramente insuficiente, ao situarse moi por debaixo do custo real do servizo, que actualmente oscila entre os 22 e os 30 euros por hora.

3. Instar á Xunta de Galicia a garantir a financiación do 100 % do custo real do Servizo de Axuda no Fogar, evitando que os concellos teñan que asumir con fondos propios ningún gasto derivado da prestación deste servizo.

4. Instar á Xunta de Galicia a continuar a negociación coa FEGAMP e a reforzar a colaboración co Goberno de España co obxectivo de establecer un modelo de financiamento xusto, suficiente e estable do sistema de atención á dependencia.

5. Valorar a presentación de demandas xudiciais contra a Xunta de Galicia no caso de que non se dean novos pasos, co obxectivo de esixir ao Goberno autonómico que asuma o financiamento que lle corresponde polas súas competencias.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2025).

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2025)

(Expediente TEdC: 2026/X999/000038)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 14/2026, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 4º trimestre de 2025".

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

7. ASUNTOS DE URXENCIA.

Non constan presentados asuntos pola vía de urxencia.

8. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

O grupo municipal do PSdG-PSOE, presenta a seguinte moción pola vía da urxencia:

MOCIÓN DÍA INTERNACIONAL DA MULLER





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Explica **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do Grupo Municipal de PSdG-PSOE** que o motivo de traer a moción ao Pleno pola vía da urxencia é que non se puido chegar a un acordo cos grupos políticos para facer unha Declaración institucional.

Sométese a intervención a **URXENCIA**, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena.

"Moción DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, é unha xornada de reivindicación e loita pola igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. É tamén, un día para celebrar os avances acadados ao longo das últimas décadas, pero, sobre todo, para visibilizar as desigualdades que persisten e reafirmar o compromiso colectivo co camiño que aínda queda por percorrer.

Neste sentido, atopámonos nun momento no que a situación das mulleres galegas, fronte ao relato de "igualdade conseguida", segue marcada por desigualdades significativas en múltiples ámbitos. No mundo laboral e profesional, as mulleres continúan afrontando maiores dificultades no acceso ao emprego, nas condicións de traballo, na remuneración e na estabilidade laboral. A temporalidade e a precariedade afectan de maneira desproporcionada ás mulleres, especialmente ás mozas, ás migrantes e ás pensionistas, o que contribúe á feminización da pobreza.

Estas desigualdades non se limitan ao ámbito laboral, senón que tamén se manifestan nos espazos de participación social, económica, educativa e política, o que evidencia a necesidade de reforzar políticas públicas de igualdade efectivas e de promover medidas que garantan unha participación plena e equitativa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade.

Estamos nunha etapa clave e decisiva, marcado por profundas transformacións sociais, ideolóxicas e tecnolóxicas que están a modificar as formas de relación, especialmente entre a mocidade. As redes sociais e os medios dixitais convertéronse en espazos centrais de socialización, influíndo de maneira determinante na construción de identidades, valores e relacións. Neste contexto, observamos con preocupación dinámicas que supoñen retrocesos en materia de igualdade, así como a proliferación de discursos e contidos que perpetúan estereotipos de xénero, fomentan a cosificación das mulleres e normalizan diferentes formas de violencia.

O ámbito dixital, que ofrece grandes oportunidades, tamén se ten convertido nun espazo onde o acoso, a violencia simbólica e sexual e a difusión de contidos degradantes afectan de maneira especial a mulleres, nenas e adolescentes. Esta realidade require unha resposta firme





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

e coordinada das institucións públicas, adaptando as políticas educativas e de prevención aos novos espazos de socialización.

Neste contexto, resulta imprescindible adaptar as políticas públicas aos novos espazos de socialización, reforzando a prevención, a sensibilización e a educación en igualdade tamén no ámbito dixital. Outra ferramenta fundamental é a coeducación, entendida como instrumento transformador, que debe estar presente en todos os ámbitos onde se constrúen identidades e relacións. Educar en igualdade implica traballar coas nenas e cos nenos, promover relacións baseadas no respecto e impulsar modelos de masculinidade afastados do machismo e da violencia. Neste sentido, o Concello de Ponte deume seguirá a desenvolver e reforzará accións específicas orientadas á promoción de novas masculinidades, fomentando espazos de reflexión, formación e sensibilización dirixidos especialmente á mocidade, co obxectivo de construír referentes masculinos baseados na corresponsabilidade, no coidado, na igualdade e na resolución pacífica dos conflitos.

Estas iniciativas forman parte da estratexia municipal de igualdade, que abordamos de maneira transversal, integrando a perspectiva de xénero no conxunto das políticas públicas locais dende todas as áreas.

Ao mesmo tempo, neste 8 de marzo queremos poñer en valor o papel das mulleres na xestión pública, no municipalismo, na sociedade e en todos os ámbitos laborais e profesionais. Ao longo da historia, milleiros de mulleres contribuíron co seu talento, capacidade e compromiso á construción e sostemento das nosas institucións locais, á economía, á educación, á ciencia, á cultura, á investigación e a todos os sectores da vida profesional e social. Desde as primeiras mulleres que asumiron responsabilidades públicas ata as que hoxe lideran empresas, proxectos e equipos en distintos ámbitos, o seu labor foi e é esencial para garantir a continuidade dos servizos, a eficiencia, a innovación e a calidade no traballo, así como a atención á cidadanía e ao ben común.

A participación activa das mulleres na planificación de servizos, na xestión económica, na contratación pública, no deseño dos espazos urbanos, na investigación, na docencia e na execución de proxectos estratéxicos representa unha achega imprescindible para un desenvolvemento equilibrado, sostible e centrado nas persoas. Non hai democracia plena sen igualdade efectiva, nin hai boa xestión pública nin profesional sen a participación das mulleres en condicións de paridade.

A igualdade non pode ser unha cuestión secundaria nin sectorial. Debe constituír unha condición básica para a eficacia das políticas públicas. Por iso, desde o Concello de Ponte deume reafirmamos o noso compromiso coa igualdade como principio reitor da acción municipal. As políticas de igualdade que impulsamos teñen carácter transversal, integrándose no conxunto das áreas de goberno, coa finalidade de garantir a equidade real, eliminar barreiras, combater calquera forma de discriminación e avanzar cara a un modelo de desenvolvemento social, económico e territorial máis xusto.

Somos conscientes de que os desafíos son múltiples: o emprego e a calidade laboral, a conciliación e a corresponsabilidade nos coidados, a loita contra a violencia de xénero, a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos, así como a necesidade de intervir fronte ás novas





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

formas de violencia e desigualdade no ámbito dixital. Afrontalos require a implicación de todas as administracións e do conxunto da sociedade.

Neste 8 de marzo O Concello de Ponte deume, como administración pública máis próxima á cidadanía, ten a responsabilidade de promover unha sociedade máis xusta, inclusiva e respectuosa cos dereitos de todas as persoas. Neste contexto, consideramos fundamental reforzar o compromiso institucional cos valores de igualdade, convivencia e cohesión social. E, especialmente renovamos o noso compromiso para seguir promovendo a participación das mulleres en todos os espazos de decisión, reforzar a coeducación, protexer á infancia e á mocidade fronte á violencia e construír, desde o ámbito local, un futuro máis igualitario.

Por todo o exposto, o Grupo Socialista PSDG-PSOE Ponte deume propón ao pleno os seguintes acordos

ACORDOS

- 1. Reafirmar o compromiso do Concello coa loita pola igualdade e co apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego, especialmente con motivo do 8 de marzo de 2026.*
- 2. Instar á Xunta de Galiza a impulsar medidas concretas que reforcen a igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade galega.*
- 3. Solicitar á Xunta de Galiza a creación dun organismo público específico, como o Instituto Galego das Mulleres, que promova e fortaleza as políticas de igualdade de forma transversal en todos os ámbitos da vida social, económica, cultural e política de Galicia. Este organismo deberá contar con personalidade xurídica, orzamento propio, autonomía de xestión e plena capacidade de actuación, co obxectivo de fomentar a igualdade efectiva e eliminar todas as formas de discriminación das mulleres.*
- 4. Impulsar, no ámbito das competencias municipais, políticas públicas orientadas á sensibilización e protección de nenas, nenos e adolescentes nas redes sociais fronte a mensaxes machistas, situacións de acoso, violencia sexual e calquera forma de violencia de xénero.*
- 5. Reforzar a planificación e o desenvolvemento das políticas municipais en materia de igualdade, garantindo o seu carácter transversal en todas as áreas de goberno.*
- 6. Promover e fortalecer programas e proxectos de coeducación dirixidos á erradicación de roles e estereotipos de xénero desde idades temperás, fomentando a igualdade, a convivencia, o respecto e a diversidade.*

Toma a palabra **dona Rocío Pena Pena, concelleira do grupo municipal do BNG**, para dicir que para que tanto o documento que se presentou como declaración institucional e que estiveron a debater sobre el durante tres días sen chegar a un acordo, como a moción que presentan agora mesmo, son documentos baleiros, cheo de xeneralidades; non hai concreción, indica que a moción presentada podería valer tanto para Cáceres como para Mallorca.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Continúa dicindo que eles queren que se pelexe porque exista un CIM en Ponte deume, que se teña en conta e se concrete a situación que viven as traballadoras do SAF, as mariscadoras, as mulleres do rural; explica porque queren poñer máis énfase nas mulleres do SAF, porque o persoal do SAF esta en malas condicións, é malo para as propias traballadoras, pero para as mulleres en xeral, que son as que soportan o groso dos coidados familiares. Continúa dicindo que de todas as cousas que quixeron engadir ao documento inicial presentado ningunha foi aceptada; polo que repite que a moción está baleira, que debería centrarse no que hai que facer en Ponte deume e aceptar tamén que hai cousas que son moi mellorables, que faltan cousas que hai que asumir e reivindicadas.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para dicir o seu grupo estaba de acordo co texto da declaración institucional, e que lle da pena que non puidesen chegar a un acordo nun tema tan sensible como o que están a tratar, indica que o seu voto vai ser favorable.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para admitir que non sabe cales eran as propostas concretas do BNG, pero que agora falan de citar as mulleres do SAF, pero que o seu grupo entende que non só estas deben ser nomeadas, senón que as mulleres do rural, as mariscadoras, as redeiras.. que sempre estiveron atendendo ás familias e traballando no campo ou no mar tamén son dignas de mención, son profesións moi feminizadas con condicións laborais por debaixo da dos homes; é incluír so as traballadoras do SAF parécelles discriminatorio fronte moitas outras profesións feminizadas tamén moi duras; e entende que non habería ningunha contradición engadir a estes sectores.

Continúa o **Sr. Presidente**, en relación á creación dun CIM en Ponte deume, xa se lles explicou que isto non podía ir na declaración porque xa existe ese servizo en Ponte deume, que no se lle chama CIM, pero que o persoal traballador dos servizos sociais do Concello xa está a prestar o servizo que dan os CIM; que hai concellos na bisbarra que teñen un CIM pero non teñen os traballadores que hai nos servizos sociais de Ponte deume; que considera que o persoal dos servizos sociais esta plenamente capacitado para prestar o servizo as mulleres; polo que di que non pode entender que o BNG se peche en banda coa creación dun CIM, e dilles que este servizo xa se leva prestando dende a época do tripartito neste concello. Di que poden asumir que se mellore ou se reforce pero non que se cree o que xa funciona.

En relación á xeneralidade da moción, di o **Sr. Presidente** que na moción se solicitan cousas a Xunta de Galicia, e que o Concello fai moitas actividades ao longo do ano en prol da igualdade, realizando campañas para garantir e educar nos dereitos das mulleres, non só para conmemorar o 8M, que colaboran cos centros educativos para o desenvolvemento de actividades sobre esta materia; que di que se pode mellorar, que se poderían implementar novas accións que deberán ser concretadas polo persoal de servizos sociais, xa que eles son os especialistas.

Toma a palabra **dona Rocío Pena Pena, concelleira do grupo municipal do BNG**, para dicir que sempre estiveron de acordo en incluír as mulleres do agro, do mar, que xa o faloron na reunión anterior; di que nunca se pecharon en banda, xa que de todas as propostas que presentaron no seu documento inicial, foron retiradas porque o goberno non aceptaba ningunha delas, polo que entende que é o goberno quen se pecha en banda. Continúa dicindo que para





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

eles o CIM é moi importante, porque non é igual un servizo especializado que unha persoa que fai un curso para atender a mulleres que teñan problemas de violencia de xénero, etc...; e como concello di que se debería optar a algo óptimo, non a retellar nin solucionar cos recursos que temos, debería pedirse o máximo; di que ao mellor tamén é unha cuestión de distribución do diñeiro, polo que igual se debería ver en que se gasta, e se é necesario usalo noutra cousa máis importante; di que lles encantaría que se fixera unha declaración conxunta.

Responde o **sr. Presidente**, que a Sra. Pena está minimizando os coñecementos e formación do persoal de servizos sociais que se adica a esta tarefa; di que o servizo que se presta as mulleres vítimas de violencia de xénero no concello é "*como pouco*" igual ao que se presta noutro concello onde hai CIM; e empraza ao grupo municipal do BNG que presente probas que acrediten que non é así; di que están en total coordinación coas distintas partes implicadas, policía, garda civil, subdelegación..., que na última Xunta Local de Seguridade o concello foi felicitado pola boa coordinación; di que a creación dun CIM, buscar un edificio novo si que supoñería un incremento económico que o seu goberno prefire adicar a realizar actuacións concretas co persoal que xa existe e na ubicación actual. Di que non hai intención do goberno por non gastar, xa que a partida que máis recursos económicos leva nos orzamento municipal é a de servizos sociais, e nunca se recortou, ao contrario, se incrementan todos os anos as partidas adicadas á violencia de xénero, a igualdade... Reitera que o servizos que dan os CIM xa se presta, con calidade, polos servizos municipais de servizos sociais. Continúa dicindo que non se poden facer propostas senón se teñen datos que a acrediten, e preguntalles se teñen datos que acrediten que o servizo que se presta as mulleres non é o servizo que se lles ten que prestar, cousa que dúbida, dilles que están facendo unha crítica a un servizo de forma xenérica. Pide que se hai outras cousas as que renunciaron, que as digan neste momento para poder volver a analazalas.

Intervén a **sra. Pena** que di que tal e como o plantexa o sr. Presidente parece que os CIM son innecesarios, pero para ela son centros dotados de persoal especializado; e con isto di que non quere restarlle profesionalidade ao persoal que traballa nos servizos sociais atendendo ás persoas maiores, a nenos, a soidade... non di que teña que ser un centro, só persoal especializado, di que a ubicación é o de menos.

Intervén o **sr. Presidente** que xa hai persoal especializado, que os CIM se crearon en lugares onde non existían outros departamentos que prestasen ese servizo, pero repite que no concello de Ponte deume o servizo xa se presta, e que non hai ningún tipo de eiva na prestación do servizo as mulleres de Ponte deume, e que non dispoñen de argumentos que digan que o servizo non se presta.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que cando se falou a primeira vez, coa portavoz do grupo municipal do PSOE sobre esta posible declaración, pediron incluír unha crítica á privatización do servizo de SAF, e tamén lla retiraron.

Interrompe o **sr. Presidente** para dicir que a privatización do servizo do SAF non ten nada que ver coa igualdade.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Continúa o **sr. Curbeira** dicindo que consideran que as condicións laborais do persoal do SAF, a maior parte feminizado que está empeorando co tempo, ten que ver coa igualdade, e di que hai datos que avalan que non é o mesmo o emprego público co privado, nos salarios, nas horas realizadas...; e entende que se o goberno non considera isto igualdade, é difícil chegar a un consenso; e por iso este ano querían centrarse no servizo do SAF a campaña do 8M, xa que case todos os anos se centran en problemas concretos.

O **sr. Presidente** di que o BNG non pide que se equiparen os dereitos laborais das mulleres que prestan o servizo do SAF dende o público coas que o prestan dende o privado, senón que critican a privatización do servizo e polo tanto unha politización.

Neste momento continúa un debate sobre a privatización do servizo do SAF entre o sr. Presidente e o sr. Curbeira.

Logo duns minutos debatendo, o **sr. Curbeira** indica que se están a desviar do tema da moción, e reitera que as condicións laborais das persoas traballadoras do SAF son diferentes na empresa privada que na pública, que as empresas venden cousas, pero que a realidade é outra.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira do PSOE**, para dicir que ela como traballadora que foi en empresas de servizo a axuda no fogar en concellos de Betanzos, Ferrol e en Ponte deume, é di que hai empresas boas e outras onde si era unha explotación laboral, que por sorte, agora xa non é así. Di que non só hai malas empresas no SAF, pon exemplo as empresas de limpeza.

Intervén o **sr. Curbeira** para dicir que eles vían correcto, para darlle contido a declaración, e dado o conflito laboral existente na actualidade entre os traballadores e as empresas prestadoras do servizo do SAF, facer mención a este colectivo; que tamén querían incluír na declaración o tema do financiamento do servizo, que tamén tiveron que retirar.

Intervén o **sr. Presidente** para dicir que pretendían transformar unha declaración institucional do 8M nunha declaración sobre o servizo do SAF.

Toma a palabra a **sra. Bellón** para dicir que tamén pedían un centro de día, unha residencia de maiores, nada que ver co 8M, di que a declaración institucional foi redactada pola técnica de igualdade, intentando reflectir todas as ideoloxías para acadar un consenso, cousa que non foi posible. Di que é a primeira vez que pasa nos seus 7 anos como concelleira.

Toma a palabra o **sr. Presidente** para dicir que non teñen inconveniente en citar as mulleres do SAF e incluso dicir que respaldan as reivindicacións do colectivo en relación coas melloras laborais que demandan, pero que o BNG quere que na declaración institucional se respalde a súa posición en contra da privatización do servizo.

Intervén o **sr. Curbeira** para dicir que manifestan que o documento inicial de declaración institucional era xenérico, que propuxeron emendas e que llas rexeitaron todas, que agora o presentaron como moción, e que lle parece ben, pero segue a ser xenérico; que se o sr. alcalde





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

non foi informado polos seus compañeiros do contido das emendas que presentaron por escrito, non lle pode dicir que non presentaron nada.

Reitera o **sr. Presidente** que volvan a citar as propostas que presentaron.

Toma a palabra a **sra. Bellón**, para dicir que onte pola noite, pedíronlle ao BNG que lles enviase por escrito o contido mínimo das emendas; e das que lles presentaron, unhas horas antes do pleno salvaron o punto das mulleres do SAF, pero o punto do CIM dixeron que era insalvable.

Responde o **sr. Curbeira**, que non aceptan porque as dúas emendas que presentan ningunha é aceptada.

Sendo as 13:12 horas abandona a sesión o concelleiro don José Simoes Couceiro.

Intervén a **sra. Bellón** para dicir que non entende como é posible que non se poda chegar a un acordo, a pesar de que está segura de que coinciden no principal.

Intervén **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para dicir que eles non poden debater sobre a moción, nin sobre as emendas do BNG, porque en ningún momento tiveron acceso aos documentos, en ningún momento se tivo en conta a súa opinión.

Sendo as 13:14 horas regresa á sesión o concelleiro don José Simoes Couceiro.

Reitera o **sr. Presidente** que lean a proposta que querían incluír para que así o grupo municipal do PP teña coñecemento e podan estudar a súa inclusión.

Lee a concelleira **dona Rocío Pena Pena** o seguinte texto de mínimos:

"Neste sentido atopámonos nun momento no que a situación das mulleres galegas fronte ao relato imperante de igualdade conseguida, está marcada por unha enorme desigualdade en moitos ámbitos. No ámbito dos municipios galegos cómpre sinalar que a falta de compromiso da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado repercuten negativamente no sostemento de servizos amplamente feminizados, como o servizo de axuda no fogar. Da mesma maneira vemos as consecuencias negativas do avance privatizador do Partido Popular nos servizos públicos e tamén especialmente nos servizos adicados á igualdade, como son os CIM móbiles ou os centros de crise 24 horas para vítimas de violencia social. A situación laboral das galegas segue a ser desfavorable, en especial, no que atinxe aos principais sectores de ocupación, as condicións de traballo e a remuneración. Existe un maior número de mulleres desempregadas e inactivas que de home, a taxa de actividade feminina segue por debaixo da masculina, na taxa de ocupación ocorre o mesmo e a taxa de desemprego feminino segue a ser maior que a masculina. É preciso, tamén recordar o diferencial negativo en contra das mulleres galegas se facemos unha comparación co Estado e coa Unión Europea. As taxas de temporalidade





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

feminidade seguen a superar as masculinas, e a temporalidade feminina é maior en Galicia que no Estado, un aspecto a salientar é que constata o protagonismo das mulleres nos peores indicadores da temporalidade e a precariedade"

Continúa lendo a proposta a engadir no punto 3: "*Instar a Xunta de Galicia a impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario incrementando a súa contribución para os centros de información da muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM, e en concreto iniciar o proceso de implantación deste servizo no noso concello.*

Continúa a **sra. Pena** coa emenda ao punto 4: "*Os cuidados de persoas dependentes constitúe moitas veces un impedimento para o desenvolvemento persoal e laboral das mulleres pois aínda non se asume suficientemente que é o conxunto da sociedade a través das institucións, quen debe responsabilizarse de poñer os medios que permitan compatibilizar estes cuidados cunha vida o máis plena posible para as persoas cuidadoras. Por isto, esta corporación comprométese a creación dunha residencia de maiores e dun centro de día público.*

A **sra. Pena** explica neste momento que a idea do centro de día e da residencia de maiores non é aleatorio, sae da necesidade de que as mulleres son as que cargan máis con esas labores, no sentido de tempo, de traballo e de carga mental. Indica que de todo isto que acaba de ler non se aceptou nada.

Toma a palabra o **sr. Presidente**, para dicir non pode compartir un parágrafo onde se di que hai falta de vontade do Goberno do Estado, xa que todos os avances en materia de igualdade de xénero viñeron da man do partido socialista; que a petición da residencia de maiores e centro de día tampouco a poden apoiar xa que nada ten que ver co 8M, e di que xa se avanzou bastante e non só as mulleres son as que se adican aos cuidados; e polo CIM tampouco están de acordo.

Continúa dicindo que poden incorporar o do SAF, a falta de incumprimento do financiamento por parte de ambas administración, pero non poden aceptar tampouco o CIM, porque xa funciona e non presentan datos para acreditar que non está funcionando correctamente.

Intervén **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que na súa emenda sobre os CIM, era unha solicitude xeral para todos os CIM, que na súa emenda xa se recollía que o concello facía un traballo e se trataba de potenciar e pode acceder as axudas económicas vinculadas a estes servizos; e interpretaban que na súa emenda de mínimos estaba bastante recollida esta solicitude, pero tamén lla botaron para atrás.

Pide o **sr. Presidente** que lle digan cal é esa emenda, que lee a sra. Pena.

"Instar a Xunta de Galicia a un novo marco orzamentario que reforce a rede de CIM e financie a creación do centro neste concello, potenciando así o servizo que actualmente se presta con recursos propios.

Di o **sr. Presidente** que se podería matizar ese punto pero en ningún caso a creación dun CIM, xa que o servizo xa está prestado.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Di a **sra. Pena**, que se a Xunta está creando unha rede de CIM en todo o territorio galego, preguntase porque non pode formar Ponte deume desa rede.

Reitera o **sr. Presidente** que a subvención aos CIM non lle da para cubrir os gastos de localización e persoal, e que o servizo xa se está prestando e que non ten nada que envexar a ningún CIM; di que poderían substituír o punto proposto pola seguinte redacción:

"Instar a Xunta de Galicia a un novo marco orzamentario que reforce e mellore o financiamento dos CIM, así como, daqueles concellos que presten eses servizos con recursos propios".

Sendo as 13:27 horas o concelleiro don Daniel Ríos Fernández, abandona a sesión.

Continúan a debater sobre as modificacións a engadir na moción.

Sendo as 13:29 horas o concelleiro don Daniel Ríos Fernández, regresa a sesión.

Rematado o debate, os grupos municipais acordar converter a moción presentada polo grupo municipal do PSDG-PSOE, nunha **declaración institucional**, que queda redactada do seguinte xeito:

O 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, é unha xornada de reivindicación e loita pola igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. É tamén, un día para celebrar os avances acadados ao longo das últimas décadas, pero, sobre todo, para visibilizar as desigualdades que persisten e reafirmar o compromiso colectivo co camiño que aínda queda por percorrer.

Neste sentido, atopámonos nun momento no que a situación das mulleres galegas, fronte ao relato de "igualdade conseguida", segue marcada por desigualdades significativas en múltiples ámbitos. No mundo laboral e profesional, as mulleres continúan afrontando maiores dificultades no acceso ao emprego, nas condicións de traballo, na remuneración e na estabilidade laboral. A temporalidade e a precariedade afectan de maneira desproporcionada ás mulleres, especialmente ás mozas, ás migrantes e ás pensionistas, o que contribúe á feminización da pobreza.

O incumprimento por parte da Xunta e Estado da súa obriga de financiamento do 100% do servizo do SAF, inflúe na calidade do emprego do persoal do servizo e na economía municipal de moitos concellos. Esta situación, sumada á deriva privatizadora en recursos de igualdade, como os centros de crise ou os CIM, agrava a fenda de xénero na Galicia, onde a temporalidade feminina supera amplamente a medida estatal e europea.

Estas desigualdades non se limitan ao ámbito laboral do SAF senón tamén as mulleres do rural, mariscadores ou outros sectores feminizados, e tamén se manifestan nos espazos de participación social, económica, educativa e política, o que evidencia a necesidade de reforzar





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

políticas públicas de igualdade efectivas e de promover medidas que garantan unha participación plena e equitativa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade.

Estamos nunha etapa clave e decisiva, marcado por profundas transformacións sociais, ideolóxicas e tecnolóxicas que están a modificar as formas de relación, especialmente entre a mocidade. As redes sociais e os medios dixitais convertéronse en espazos centrais de socialización, influíndo de maneira determinante na construción de identidades, valores e relacións. Neste contexto, observamos con preocupación dinámicas que supoñen retrocesos en materia de igualdade, así como a proliferación de discursos e contidos que perpetúan estereotipos de xénero, fomentan a cosificación das mulleres e normalizan diferentes formas de violencia.

O ámbito dixital, que ofrece grandes oportunidades, tamén se ten convertido nun espazo onde o acoso, a violencia simbólica e sexual e a difusión de contidos degradantes afectan de maneira especial a mulleres, nenas e adolescentes. Esta realidade require unha resposta firme e coordinada das institucións públicas, adaptando as políticas educativas e de prevención aos novos espazos de socialización.

Neste contexto, resulta imprescindible adaptar as políticas públicas aos novos espazos de socialización, reforzando a prevención, a sensibilización e a educación en igualdade tamén no ámbito dixital. Outra ferramenta fundamental é a coeducación, entendida como instrumento transformador, que debe estar presente en todos os ámbitos onde se constrúen identidades e relacións. Educar en igualdade implica traballar coas nenas e cos nenos, promover relacións baseadas no respecto e impulsar modelos de masculinidade afastados do machismo e da violencia. Neste sentido, o Concello de Ponte deume seguirá a desenvolver e reforzará accións específicas orientadas á promoción de novas masculinidades, fomentando espazos de reflexión, formación e sensibilización dirixidos especialmente á mocidade, co obxectivo de construír referentes masculinos baseados na corresponsabilidade, no coidado, na igualdade e na resolución pacífica dos conflitos.

Estas iniciativas forman parte da estratexia municipal de igualdade, que abordamos de maneira transversal, integrando a perspectiva de xénero no conxunto das políticas públicas locais dende todas as áreas.

Ao mesmo tempo, neste 8 de marzo queremos poñer en valor o papel das mulleres na xestión pública, no municipalismo, na sociedade e en todos os ámbitos laborais e profesionais. Ao longo da historia, milleiros de mulleres contribuíron co seu talento, capacidade e compromiso á construción e sostemento das nosas institucións locais, á economía, á educación, á ciencia, á cultura, á investigación e a todos os sectores da vida profesional e social. Desde as primeiras mulleres que asumiron responsabilidades públicas ata as que hoxe lideran empresas, proxectos e equipos en distintos ámbitos, o seu labor foi e é esencial para garantir a continuidade dos servizos, a eficiencia, a innovación e a calidade no traballo, así como a atención á cidadanía e ao ben común.

A participación activa das mulleres na planificación de servizos, na xestión económica, na contratación pública, no deseño dos espazos urbanos, na investigación, na docencia e na execución de proxectos estratéxicos representa unha achega imprescindible para un





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

desenvolvemento equilibrado, sostible e centrado nas persoas. Non hai democracia plena sen igualdade efectiva, nin hai boa xestión pública nin profesional sen a participación das mulleres en condicións de paridade.

A igualdade non pode ser unha cuestión secundaria nin sectorial. Debe constituír unha condición básica para a eficacia das políticas públicas. Por iso, desde o Concello de Ponte deume reafirmamos o noso compromiso coa igualdade como principio reitor da acción municipal. As políticas de igualdade que impulsamos teñen carácter transversal, integrándose no conxunto das áreas de goberno, coa finalidade de garantir a equidade real, eliminar barreiras, combater calquera forma de discriminación e avanzar cara a un modelo de desenvolvemento social, económico e territorial máis xusto.

Somos conscientes de que os desafíos son múltiples: o emprego e a calidade laboral, a conciliación e a corresponsabilidade nos cuidados, a loita contra a violencia de xénero, a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos, así como a necesidade de intervir fronte ás novas formas de violencia e desigualdade no ámbito dixital. Afrontalos require a implicación de todas as administracións e do conxunto da sociedade.

Neste 8 de marzo O Concello de Ponte deume, como administración pública máis próxima á cidadanía, ten a responsabilidade de promover unha sociedade máis xusta, inclusiva e respectuosa cos dereitos de todas as persoas. Neste contexto, consideramos fundamental reforzar o compromiso institucional cos valores de igualdade, convivencia e cohesión social. E, especialmente renovamos o noso compromiso para seguir promovendo a participación das mulleres en todos os espazos de decisión, reforzar a coeducación, protexer á infancia e á mocidade fronte á violencia e construír, desde o ámbito local, un futuro máis igualitario.

Por todo o exposto, os grupos políticos municipais que forman o pleno do concello de Ponte deume **ACORDAN:**

1. Reafirmar o compromiso do Concello coa loita pola igualdade e co apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego, especialmente con motivo do 8 de marzo de 2026.
2. Instar á Xunta de Galiza a impulsar medidas concretas que reforcen a igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade galega.
3. Solicitar á Xunta de Galiza a creación dun organismo público específico, como o Instituto Galego das Mulleres, que promova e fortaleza as políticas de igualdade de forma transversal en todos os ámbitos da vida social, económica, cultural e política de Galicia. Este organismo deberá contar con personalidade xurídica, orzamento propio, autonomía de xestión e plena capacidade de actuación, co obxectivo de fomentar a igualdade efectiva e eliminar todas as formas de discriminación das mulleres.
4. Impulsar, no ámbito das competencias municipais, políticas públicas orientadas á sensibilización e protección de nenas, nenos e adolescentes nas redes sociais fronte a mensaxes machistas, situacións de acoso, violencia sexual e calquera forma de violencia de xénero.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. Reforzar a planificación e o desenvolvemento das políticas municipais en materia de igualdade, garantindo o seu carácter transversal en todas as áreas de goberno.
6. Promover e fortalecer programas e proxectos de coeducación dirixidos á erradicación de roles e estereotipos de xénero desde idades temperás, fomentando a igualdade, a convivencia, o respecto e a diversidade.
7. Instar a Xunta de Galicia a un novo marco orzamentario que reforce e mellore o financiamento dos CIM, así como, daqueles concellos que presten eses servizos con recursos propios.

9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DE 23 DE XANEIRO DO 2026 AO 19 DE FEBREIRO DE 2026 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26 DE FEBREIRO DE 2026.

Expediente TEdC: 2026/G006/000047

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, do número **28/2026** de 23 de xaneiro de 2026 ao número **87/2026** de 19 de febreiro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2026/G003/000029	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000037927	00028/2026	2026-01-23 17:34:00
2026/G003/000030	TESOURARÍA: ALTA-BAIXA PADRÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO EXPTE (2026/X999/000011)	00029/2026	2026-01-23 17:34:00
2026/G003/000035	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 29 DE XANEIRO DE 2026	00030/2026	2026-01-26 13:54:00
2026/G003/000038	PA PROCEDIMENTO ABREVIADO	00031/2026	2026-01-26





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	0000200 /2025 PA PROCEDemento ABREVIADO 0000040 /2025 MPF CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME RECLAMACIÓN PATRIMONIAL		14:38:00
2026/G003/000046	LEVANTAMENTO REPARO Á NÓMINA XANEIRO 2026	00032/2026	2026-01-28 14:25:00
2026/G003/000042	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS- PAGAMENTO SEGUROS SOCIAIS MES DECEMBRO 2025.	00033/2026	2026-01-28 14:25:00
2026/G003/000044	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN A TRAVÉS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP	00034/2026	2026-01-28 14:25:00
2026/G003/000028	PADRÓN PREZO PÚBLICO DOS TALLERES CULTURAI S CURSO 2025/2026 CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO	00035/2026	2026-01-28 14:25:00
2026/G003/000047	LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2025. IMPUTACIÓN Á CONTA 413 E AXUSTES EN PROXECTOS DE GASTO.-	00036/2026	2026-01-29 11:38:00
2026/G003/000033	ELABORACIÓN DE NÓMINAS- INCIDENCIAS NÓMINA MES XANEIRO 2026.	00037/2026	2026-01-29 11:40:00
2026/G003/000039	RESOLUCIÓN APROBANDO NÓMINA XANEIRO 2025	00038/2026	2026-01-29 11:40:00
2026/G003/000049	DELEGACIÓN DE FUNCIONS DÍAS 5 AO 14 FEBREIRO AMBOS INCLUÍDOS	00039/2026	2026-01-29 13:48:00
2026/G003/000053	DELEGACIÓN DE FUNCIÓN DE ALCALDÍA PARA O DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2026	00040/2026	2026-02-02 10:05:00
2026/G003/000056	ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAI S EDM 2025-26. PADRÓN MES OUTUBRO	00041/2026	2026-02-02 12:59:00
2026/G003/000055	APROBACIÓN DOS PADRÓN S DO	00042/2026	2026-02-02





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE DECEMBRO 2025		13:34:00
2026/G003/000032	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 99500000037776	00043/2026	2026-02-03 12:34:00
2026/G003/000037	TESOURARÍA: SOLICITA ANULACIÓN DE RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DE VIVENDA POR ATOPARSE EN RUÍNAS	00044/2026	2026-02-03 12:34:00
2026/G003/000036	TESOURARÍA: SOLICITA ANULACIÓN DE RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO POR TRATARSE DE UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR DE 2 PLANTAS	00045/2026	2026-02-03 12:34:00
2026/G003/000034	SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO	00046/2026	2026-02-03 12:34:00
2026/G003/000025	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000037820	00047/2026	2026-02-03 12:34:00
2026/G003/000048	NOMEAMENTO TESOUREIRO ACCIDENTAL	00048/2026	2026-02-03 12:34:00
2026/G003/000060	INTERPOSICIÓN RECURSO ESPECIAL MATERIA CONTRATACIÓN. LICITACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA (EXP. 2025/C004/000009). INTERPOSTO POR SENES CIT S.L	00049/2026	2026-02-04 13:25:00
2026/G003/000058	NON DIVISIÓN EN LOTES DE INVESTIMENTOS A INCLUIR NO POS + 2026. ACONDICIONAMENTO ACCESO EN VENTOSA	00050/2026	2026-02-04 13:22:00
2026/G003/000043	BAIXA PADRÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO (EXPEDIENTE 2025/X999/000049)	00051/2026	2026-02-04 13:23:00
2026/G003/000061	DECRETO CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO URXENTE DÍA 05-02-2026	00052/2026	2026-02-04 13:32:00





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2026/G003/000059	TESOURARÍA: VARIACIÓN PADRÓN FISCAL RECOLLIDA DE LIXO PARA O EXERCICIO 2026	00053/2026	2026-02-04 13:55:00
2026/G003/000051	TESOURARÍA: ALTA-BAIXA PADRÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO (EXPEDIENTE 2025/X999/000400)	00054/2026	2026-02-04 15:22:00
2026/G003/000062	ADMINISTRATIVO/A 2 POSTOS FUNCIONARIO/A, OFERTA EMPREGO 2023 E 2025.	00055/2026	2026-02-05 14:15:00
2025/G003/000856	TESOURARÍA: :EXPEDIENTE DE APROBACIÓN LIQUIDACIÓNS POR SERVIZOS CONSORCIO CONTRA INCENDIOS	00056/2026	2026-02-05 14:58:00
2026/G003/000045	TESOURARÍA: SOLICITUDE ANULACIÓN LIQUIDACIÓNS POR DUPLICIDADE DOS RECIBOS RECOLLIDA DE LIXO E CAMBIO DA TITULARIDADE DE DITOS RECIBOS PARA 2026	00057/2026	2026-02-05 19:12:00
2026/G003/000063	SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	00058/2026	2026-02-06 14:14:00
2026/G003/000052	TESOURARÍA: SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS DE RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO POR DUPLICIDADE	00059/2026	2026-02-09 09:38:00
2026/G003/000066	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DENDE O 10 AO 16 DE FEBREIRO DE 2026.	00060/2026	2026-02-09 11:39:00
2026/G003/000065	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE - DNI 32*****Y	00061/2026	2026-02-11 10:51:00
2026/G003/000067	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN TALLERES CULTURAI S MUNICIPAI S CURSO 2025/2026	00062/2026	2026-02-11 10:51:00





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2026/G003/000070	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL-BOLSA SUBSTITUCIÓNS LIMPADOR/A	00063/2026	2026-02-11 14:31:00
2026/G003/000069	BOLSA DE EMPLEO-LISTAXE DE AGARDA COMPLEMENTARIA PARA POSTOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, GRUPO C2.	00064/2026	2026-02-11 14:32:00
2026/G003/000050	ALTA-BAIXA PADRÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO (EXPEDIENTE 2025/X999/000279).	00065/2026	2026-02-11 14:32:00
2026/G003/000071	SOLICITUDE SUBVENCIÓN AGADER. SERVIZOS BÁSICOS NO MEDIO RURAL FOREMDES	00066/2026	2026-02-12 11:30:00
2026/G003/000073	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 1, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 1. CONVENIO ARES.	00067/2026	2026-02-12 13:44:00
2026/G003/000072	DESIGNACIÓN MESA MERCADO	00068/2026	2026-02-12 13:45:00
2026/G003/000076	SOLICITUDE SUBVENCIÓN FEIRÓN DO QUEIXO 2026	00069/2026	2026-02-13 14:28:00
2026/G003/000041	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA.	00070/2026	2026-02-13 13:44:00
2026/G003/000064	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DE P.L.V. (32*****L)	00071/2026	2026-02-13 13:55:00
2026/G003/000080	CONTRATO DE SERVIZOS ÁREAS AXARDINADAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME	00072/2026	2026-02-13 17:42:00
2026/G003/000077	SOLICITUDE SUBVENCIÓN GALP	00073/2026	2026-02-16 13:02:00
2026/G003/000082	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL.	00074/2026	2026-02-17 11:02:00
2026/G003/000081	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE - DNI 76*****C	00075/2026	2026-02-17 11:02:00
2026/G003/000078	PADRÓN PREZO PÚBLICO MES	00076/2026	2026-02-17





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	XANEIRO MADRUGADORAS/MADRUGADORE S CURSO 2025/2026		12:28:00
2026/G003/000079	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN TALLERES CULTURAIS MUNICIPAIS CURSO 2025/2026	00077/2026	2026-02-17 12:28:00
2026/G003/000074	DECRETO PADRÓN NOVEMBRO ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS EDM 2025-26	00078/2026	2026-02-17 12:29:00
2026/G003/000083	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL.	00079/2026	2026-02-17 13:56:00
2026/G003/000031	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DENDE O 01/07/2025 ATA O 30/09/2025, TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025.	00080/2026	2026-02-18 10:33:00
2026/G003/000091	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE PLENO DE DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2026	00081/2026	2026-02-18 12:50:00
2026/G003/000089	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2026	00082/2026	2026-02-18 12:50:00
2026/G003/000092	SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO 2026	00083/2026	2026-02-18 14:45:00
2026/G003/000090	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2026	00084/2026	2026-02-18 14:45:00
2026/G003/000088	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-IRPF MODELO 111, XANEIRO 2026	00085/2026	2026-02-19 13:10:00
2026/G003/000057	TESOURERÍA: LIQUIDACIÓNS MESAS E CADEIRAS 2023	00086/2026	2026-02-19 13:45:00
2026/G003/000087	SOLICITUDE SUBVENCIÓN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	00087/2026	2026-02-19 13:45:00





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	SNL 2025		

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

10. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

10.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno de día 26.02.2026 as seguintes preguntas:

Pregunta 1. SAF. Podería o Goberno Local informar sobre o estado actual e a fase na que se atopa a licitación do Servizo de Axuda no Fogar? Xa se coñecen as empresas que presentaron ofertas para estes contratos? Cal é a previsión temporal para a súa adxudicación definitiva.?

Resposta do goberno.- O vindeiro venres día 27 terá lugar a mesa de contratación para abrir o sobre A que contempla a documentación que faculta as empresas para poder presentarse á licitación e, de estar correcta procederase á apertura do sobre B co proxecto técnico de cada un dos concorrentes. De faltar algún tipo de documentación requirirase abrindo un prazo para a súa presentación.

Tras iso, os servizos técnicos teñen que elaborar os informes correspondentes tras o cal se convocaría a seguinte mesa para abrir os sobre c correspondente á oferta económica.

Posteriormente, teranse que emitir novamente outros informes polo que tendo en conta que existen prazos de requirimento, emenda, etc, non podemos concretar unha data para a súa adxudicación aínda que, en todo caso, esta será, se todo vai ven dentro do primeiro semestre deste ano.

Nesta fase de licitación, legalmente, non se poden coñecer as empresas que se presentan

Pregunta 2. MERCADO. Podería informar o goberno sobre o número total de ofertas presentadas para a licitación dos sete postos vacantes no Mercado Municipal (especificamente o gastrobar, as dúas carnicerías, os tres postos de produtos locais e o de alimentación ecolóxica)? Así mesmo, cal é a data prevista para a resolución definitiva da adxudicación?

Resposta do goberno.- Presentáronse 5 ofertas, catro para o gastrobar e unha para un dos postos da nave antiga.

Actualmente estamos na fase de requirimento de documentación aos licitadores e polo tanto non podemos concretar unha data.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pregunta 3. ORZAMENTOS 2026. Finalmente terán os orzamentos de 2026 para o mes de marzo?

Resposta do goberno.- Como saben, os primeiros 2 meses do ano, o departamento de intervención se centra en remisión de información ao ministerio, liquidación do orzamento, peche contable, etc. Unha vez rematado todo ese proceso, polo tanto reducida a carga de traballo dese departamento, procederase a elaboración dese orzamento.

Pregunta 4. ASOCIACIÓN CULTURAIS. Poderían concretar que actividades coorganizou o Concello e con que asociacións durante o ano 2025? Cal foi a aportación económica a cada unha delas?

Resposta do goberno.- "A grosso modo" , as asociacións culturais coas que este Concello coorganiza algunha actividade ao longo do ano e os importes económicos orientativos , xa que ademais da achega económica en moitos casos se prestan infraestruturas do Concello como cadeiras, mesas, espazos, megafonía, prismas protocolarios, xornadas laborais dos operarios do Concello, etc que non son cuantificables pero que , de ter que mercarse ou alugarse , suporían un incremento no custe da actividade, son:

- Asociación Amas de Casa: 50 aniversario, Ximnasia, Obradoiros florais, Memoria...2000€
- Coral Polifónica: Festival Habaneras, Festival Sta Icíá, Letras Galegas, Festival Música Sacra...10000€
- Coro Allegre Intermezzo: Festival de Outono, Semana santa, Letras galegas....1500€
- Banda de Música Charamela: Dia do libro, Letras galegas, Peras, Semana Santa, Sta Icíá, Ano Novo....15000€
- Orballo: Festival Internacional...16000€
- Airiños do Eume: Cantos de Taberna. ..11000€
- Xente de Aquí e Acolá: Castelo Folk. 11100€
- Trasnocadores: Festival de Verano, Serenatas, Letras Galegas ...4500€
- Ateneo Eumés: Cortexo cívico Letras Galegas2000€
- Damecuerdaqueteatro: Ponte deume en obras, Circuito teatral de outono, Teatro nas parroquias....5500€

Pregunta 5. VIVENDA PÚBLICA. A comezos deste mes de febreiro informaban dunha reunión na que participaron o Alcalde, o concelleiro de urbanismo, a Conselleira de vivenda e a directora territorial de dita conselleira. Segundo palabras do señor alcalde, nela abordouse a "construción de vivenda pública na nosa vila". Dispón o concello na actualidade de parcelas para dita construción?

Resposta do goberno.- Estase analizando actualmente por parte do departamento de urbanismo en base aos criterios que se nos trasladaron dende a Consellería de cara a definir que parcelas cumpren cos mesmos e confirmar se son de titularidade pública ou privada



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

10.2. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o Pleno de día 26.02.2026 un rogo "in voice":

1. Solicitan se revisen os envíos dos padróns do SAF ao banco, xa que teñen queixas de persoas usuarias de que hai dous meses que non lles pasaban o recibo.

10.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

O grupo municipal do PP presenta para o pleno de día 26.02.2026 as seguintes preguntas:

Pregunta 1. Este mes terminó el plazo para poder optar a los 7 puestos del mercado municipal. ¿Nos pueden indicar la aceptación que tuvo cada puesto?

Resposta do goberno. Presentáronse ofertas para 2 postos, o de gastrobar da zona nova e dous postos da zona antiga. Así mesmo cóstanos que hai un carnicero que actualmente está a estudar a posibilidade de solicitar unha das carnicerías pero por cuestións laborais non lle era posible realizalo dentro deste proceso.


Pregunta 2 . ¿Se le cobra la tasa a todos los puestos del feirón? ¿Cuánto se recaudó el año 2025 por tasas de puestos de feirón?.

Resposta do goberno.- Está a elaborarse o informe para a recadación de 2025, realizando os distintos trámites para proceder á súa cobranza.

10.4. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP

O grupo municipal do PP presenta para o pleno de día 26.02.2026 os seguintes rogos:

- Rogamos se reparen las goteras del pabellón y se revise todo el tejado





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e dous minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Presidente e da Secretaria municipal, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 26.03.2026 segundo o borrador asinado o día 20.03.2026. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

